

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

5298 *Real decreto 405/2010, do 31 de marzo, polo que se regula o uso do logotipo «Letra Q» na etiquetaxe do leite e dos produtos lácteos.*

Mediante o Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro dos movementos do leite, estableceuse un sistema de rastrexabilidade plenamente operativo que permite o seguimento do leite desde a súa produción nas explotacións gandeiras até a súa chegada aos centros de recolla ou transformación.

Este sistema resulta de grande utilidade non só para as administracións públicas, senón tamén para os consumidores, que procuran, cada vez máis, unha maior información sobre a rastrexabilidade dos produtos que consomen.

Por outro lado, o sector produtor e transformador tamén require da Administración o establecemento de sistemas que melloren a información e a transparencia da produción e a comercialización. Este é un dos obxectivos incluídos no Plan Estratéxico para o Sector Lácteo que elaborou o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Neste contexto resulta moi adecuado establecer un réxime regulador do uso, totalmente voluntario, do logotipo «Letra Q» entre a información que aparece nos envases do leite e produtos lácteos que se poñen ao dispor do consumidor final, como garantía dun sistema de rastrexabilidade completa que se estende alén do obrigado polo mencionado Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro.

Como xa se describiu, a primeira fase da produción de leite dispón en España dun sistema de rastrexabilidade obrigatorio establecido pola lexislación. Pola súa parte, as industrias transformadoras de leite teñen establecidos os seus propios sistemas de rastrexabilidade no proceso de elaboración dos seus produtos. Os organismos independentes de control proporcionarán unha garantía adicional ao sistema e supervisarán que as empresas usen adecuadamente o logotipo.

A utilización deste logotipo nos envases de leite e produtos lácteos non será indicativo de características de calidade singulares ou especiais mais que as derivadas do feito de se poder en calquera momento seguir o rastro até a explotación de orixe.

Este real decreto foi sometido a consulta das comunidades autónomas e dos sectores afectados, e ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que incorpora esa directiva ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, e por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular o uso do logotipo «Letra Q» na etiquetaxe do leite e dos produtos lácteos destinados a ser entregados, sen ulterior transformación, ao consumidor final.

Isto sen prexuízo do disposto no Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións previstas no artigo 2 do Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, e as establecidas no artigo 2 do Real decreto 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas.
b) Envasamento final: procedemento mediante o cal o leite ou o produto lácteo se acondiciona e se pon ao dispor do consumidor final no formato comercial correspondente, de forma que non se poida modificar o contido sen abrir ou modificar o envase.

c) Etiquetaxe: as mencións, indicacións, marcas de fábrica ou comerciais, debuxos ou signos relacionados cun produto alimenticio que figuren en calquera envase, documento, rótulo, etiqueta, faixa ou colariño, que acompañen ou se refiran a ese produto alimenticio.

d) Explotación: calquera instalación, construción ou, no caso da cría ao aire libre, calquera lugar en que se teñan, críen ou manexen vacas que se muxan para a produción de leite.

e) Leite e produtos lácteos: os identificados no artigo 1 do Regulamento (CE) nº 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas.

f) Logotipo «Letra Q»: o previsto dentro da etiqueta do anexo II do Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, coas condicións previstas no anexo I do presente real decreto.

g) Lote: conxunto de unidades de venda dun produto alimenticio producido, fabricado ou envasado en circunstancias practicamente idénticas.

h) Produtor: o gandeiro, persoa física ou xurídica ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas cuxa explotación estea situada no territorio da Unión Europea, que produza e comercialice leite ou se prepare para facelo a moi curto prazo.

i) Usuario do logotipo «Letra Q»: comprador transformador de leite, industrial lácteo, ou produtor que destine o leite e produtos lácteos obtidos na súa explotación á venda directa ao consumo, encargado de garantir a rastrexabilidade dun produto lácteo, dentro do ámbito de aplicación deste real decreto, co fin de poder etiquetalo co logotipo «Letra Q».

Artigo 3. *Rastrexabilidade e uso do logotipo.*

1. Poderán utilizar o logotipo «Letra Q» na etiquetaxe de leite ou produtos lácteos sempre que garantan a rastrexabilidade do leite ou do produto lácteo elaborado a partir dela en todas as fases que comprende este real decreto:

a) Os compradores transformadores.
b) Os industriais.
c) Os produtores que destinen o leite e os produtos lácteos obtidos na súa explotación á venda directa ao consumo.

2. Para este efecto, para a fase do proceso que vai desde a produción na explotación até a entrada no centro de transformación, o sistema de rastrexabilidade será o establecido no Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, mentres que a partir dese momento e até a saída do lote de produtos, o sistema será o establecido polo usuario do logotipo «Letra Q».

3. Sen prexuízo do disposto no Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, o usuario do logotipo «Letra Q» deberá dispor de mecanismos ou sistemas internos de garantía da

rastrexabilidade de todo o proceso de elaboración do leite e dos produtos lácteos desenvolvido baixo a súa responsabilidade.

4. O sistema implantado polo usuario do logotipo «Letra Q» na fase que vai desde a entrada no centro de transformación até o envasamento final do leite ou dos produtos lácteos deberá garantir que se poida en calquera momento reconstruír a rastrexabilidade até a explotación de orixe.

5. O incumprimento do Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, que supoña a ausencia de identificación de calquera axente que interviñese ou a imposibilidade de correlacionar os lotes ou unidades de venda coas explotacións gandeiras de procedencia ou con calquera proceso intermedio anterior ao envasamento final suporá a perda do dereito a utilizar o mencionado logotipo.

Artigo 4. *Control e certificación.*

1. Os operadores deberán conservar a documentación referida á rastrexabilidade ao dispor das autoridades competentes para o control oficial, durante un período mínimo de tres anos.

2. O sistema de garantía da rastrexabilidade incluirá un control externo sobre:

a) A información relativa á rastrexabilidade anterior á entrada da materia prima no centro de transformación, nos termos expresados no artigo anterior.

b) O proceso comprendido entre a entrada da materia prima no centro de transformación e a saída do lote de produtos.

3. O control externo será levado a cabo por organismos independentes de control que deberán estar acreditados polas entidades de acreditación regradas no capítulo II, sección 2ª do Regulamento de infraestruturas para a calidade e seguraza industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, ou, se for o caso, por calquera outro organismo de acreditación asinante do Acordo Multilateral de Recoñecemento da European Cooperation for Accreditation (EA) conforme a norma UNE-EN 45011, relativa ás exixencias que deben observar as entidades que realizan a certificación de produto no ámbito agroalimentario, cunha antigüidade mínima dun ano.

4. Ademais, os organismos independentes de control deberanse acreditar conforme a norma UNE-EN 45011 para o alcance establecido neste real decreto.

5. Os produtos regulados por esta norma deberán indicar na etiquetaxe a expresión «certificado por» seguido polo nome do organismo independente de control ou o seu acrónimo, podéndose indicar, ademais, que os organismos se encontran acreditados de acordo co previsto neste artigo.

6. A autoridade competente poderá decidir pór á disposición da entidade independente de control a documentación relativa á taxa láctea exixida no Real decreto 754/2005, do 24 de xuño.

Artigo 5. *Obrigas dos organismos independentes de control.*

As obrigas dos organismos independentes de control serán as seguintes:

a) Notificar, antes de comezar a súa actividade, independentemente da súa sede social, á autoridade competente en cuxo ámbito territorial estea situada a empresa que van certificar, o inicio das súas actividades.

b) Colaborar coas comunidades autónomas en cuxo ámbito territorial actúen, remitíndolles un informe anual sobre o resultado dos controis efectuados nese ámbito en cumprimento desta norma.

c) Conservar para a súa posible consulta pola autoridade competente, durante un período mínimo de tres anos, os expedientes, documentación e datos dos controis realizados e dos informes emitidos.

d) Realizar, ao menos, un control anual de cada un dos centros de transformación en que se vaia etiquetar co logotipo «Letra Q».

Artigo 6. *Deber de información.*

Os usuarios de logotipo «Letra Q» deberán comunicar o inicio da súa actividade á autoridade competente do lugar en que radique o centro de transformación no cal se vaia etiquetar co logotipo «Letra Q». Esta comunicación incluírá, polo menos, os datos contidos no anexo II deste real decreto e realizarase como máximo tres meses antes de iniciar a etiquetaxe.

A autoridade competente remitirá, no formato establecido de mutuo acordo, á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a información sobre os usuarios do logotipo «Letra Q», en cada comunidade autónoma, no prazo de tres meses a partir da comunicación establecida no parágrafo anterior.

A Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño terá ao dispor das autoridades competentes a lista actualizada dos usuarios do logotipo «Letra Q».

Artigo 7. *Infraccións e sancións.*

1. As infraccións cometidas contra o disposto neste real decreto serán sancionadas de acordo co Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, as infraccións cometidas polas entidades independentes de control serán sancionadas polo disposto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

Artigo 8. *Sistema de equivalencia para os produtores e produtos doutros Estados membros.*

Os produtores situados noutro Estado membro da Unión Europea distinto de España poderanse beneficiar do uso do logotipo «Letra Q» na etiquetaxe sempre que dispoñan dun sistema de rastrexabilidade equivalente ao establecido no Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, en relación á fase do proceso que se desenvolve desde a produción na explotación até a entrada no centro de transformación.

Así mesmo, deberanse efectuar o control e a certificación análogos aos previstos no artigo 4 deste real decreto.

Disposición transitoria única. *Autorización provisoria de organismos independentes de control.*

Non obstante o previsto no artigo 4.4, as autoridades competentes das comunidades autónomas onde radique a sede social dos organismos independentes de control poderán autorizar provisoriamente eses organismos sen a acreditación previa específica co alcance establecido neste real decreto. Para isto deberán estar xa acreditados conforme a norma UNE-EN 45011 no ámbito agroalimentario cunha antigüidade mínima dun ano e ter solicitado a citada acreditación específica para este real decreto.

Esta autorización provisoria producirá efectos durante o prazo máximo dun ano desde a data en que se notifique ao organismo solicitante, ou até seren acreditados se o prazo é menor.

A autorización provisoria terá efectos en todo o territorio nacional, sen prexuízo de que o organismo independente de control deberá comunicar previamente á autoridade competente o inicio da súa actividade no seu ámbito territorial cando tal autoridade sexa distinta da que outorgou a autorización provisoria.

Transcorrido o prazo dun ano desde que obtivo a autorización provisoria sen ter obtido a acreditación, a autorización provisoria caducará automaticamente, sen que a mesma persoa física ou xurídica poida volver a solicitar outra autorización provisoria na mesma ou noutra comunidade autónoma.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O disposto neste real decreto ten carácter de normativa básica, ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma o 31 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño.
ELENA ESPINOSA MANGANA.

ANEXO I

Características do logotipo «Letra Q»

a) Modelo:

O modelo utilizado será o seguinte:



b) Tamaño de redución:

En caso de que a aplicación do logotipo sobre diferentes tipos de etiqueta faga necesaria a súa redución, esta realizarase de maneira proporcional á do envase do leite ou do produto lácteo correspondente, sendo o tamaño mínimo de 1 cm na súa dimensión maior.

c) Cor:

O logotipo utilizarase en vermello e amarelo, figurando a Letra Q en vermello e a palabra «LETRA» en amarelo.

Pantone: vermello 1795C (RGB 198,11, 30) e amarelo 123C (RGB 255, 196, 0).

d) Tipografía:

A tipografía utilizada será a «Impact», en maiúsculas.

O tamaño das letras reducirase, se for o caso, de acordo co establecido na alínea b.

ANEXO II

Datos mínimos que comunicarán os usuarios do logotipo «Letra Q»

- a) Nome, apelidos ou razón social.
- b) CIF, NIF ou documento de identificación.
- c) Domicilio, localidade, teléfono, fax, correo electrónico.
- d) Organismo independente de control que o certifica:
 - nome e razón social
 - CIF, NIF ou documento de identificación
 - domicilio, localidade, teléfono, fax, correo electrónico
 - data de acreditación no ámbito agroalimentario
 - data de autorización provisoria
 - data de acreditación no ámbito deste real decreto.